



O Parlamento de Galicia reinicia mañá o ciclo de charlas-coloquio para alumnos de ESO e bacharelato neste curso

- **As primeiras charlas-coloquio deste curso celebraranse mañá na Coruña e na Ponte do Porto (Camariñas)**
- **A día de hoxe, 45 centros solicitaron xa a celebración de actividades divulgativas coa participación de exdeputados/as das diferentes forzas políticas; a cifra xa duplica as 23 celebradas durante todo o curso pasado**

Santiago, 18 de novembro de 2013.- O Parlamento de Galicia, coa colaboración da Asociación de Exdeputados/as da Cámara, reinicia mañá martes, 19 de novembro, un novo ciclo de charlas-coloquio en centros de ensino secundario para dar a coñecer a primeira institución da Comunidade entre o alumnado galego e divulgar os valores democráticos.

As dúas primeiras charlas do curso 2013-2014 terán lugar este martes no Colexio das Esclavas da Coruña e no IES Pedra da Aguiá, situado en A Ponte do Porto (Camariñas).

A día de hoxe, a Cámara galega recibiu xa 45 solicitudes de outros tantos centros que imparten ESO e bacharelato na Comunidade Autónoma e que amosaron interese en acoller, durante o curso actual, unha charla-coloquio sobre o funcionamento do Parlamento de Galicia.

Estas charlas-coloquio, nas que participan exdeputados/as das diferentes forzas políticas, xurdiron na pasada lexislatura, ao conmemorarse o 30 aniversario da constitución do Parlamento de Galicia, co obxectivo de dar a coñecer a institución entre o estudantado galego. O éxito acadado pola iniciativa levou á



presidenta da Cámara, Pilar Rojo, e á Asociación de Exdeputados/as a repetir a súa organización nos sucesivos cursos escolares.

Para estudantes de ESO e bacharelato

As charlas están dirixidas a estudantes de ESO e bacharelato da Comunidade Autónoma. Xeralmente, a actividade comeza co visionado dun vídeo sobre o Parlamento de Galicia, que da paso a cadansúa intervención dos exdeputados/as participantes, seguida dun coloquio coa participación dos alumnos que asisten á actividade.

Máis de 3.000 alumnos no pasado curso

No pasado curso escolar, o 2012-2013, o programa de charlas-coloquio chegou a un total de 23 centros de ensino e a máis de 3.000 alumnos de ESO e Bacharelato, cifra que o Parlamento de Galicia agarda se vexa incrementada na presente edición.

Os centros interesados en acoller unha actividade deste tipo poden solicitalo en calquera momento ao Parlamento de Galicia.

A celebración das charlas para estudantes de ESO e Bacharelato enmárcase na estratexia de divulgación do Parlamento de Galicia, que inclúe tamén un programa de visitas guiadas á institución, a edición dun libro sobre o Parlamento orientado especificamente ao estudiantado galego, ou un concurso escolar, entre outras iniciativas.



Previsión informativa do Parlamento de Galicia pare este martes, 19 de novembro de 2013

A Coruña

11,00 h.- O Parlamento de Galicia, en colaboración coa Asociación de Exparlamentarios/as, organiza unha charla coloquio no Colexio Esclavas do Sagrado Corazón da Coruña (Paseo de Ronda, 57).

Neste acto participarán os exdeputados Jesús María Fernández Rosende (PPdeG), presidente da Asociación de Exparlamentarios/as; Antonio Campos Romay (PSdeG-PSOE) e Pablo González Mariñas (BNG).

A Ponte do Porto – Camariñas

12,30 h.- Charla coloquio no IES Pedra da Aguia, situado en A Ponte do Porto (Camariñas) coa participación das/os exparlamentarias/os Ascensión Yeguas Sánchez (PPdeG), Luis María Tojo Ramallo (PSdeG-PSOE) e Xesús Veiga Buxán (BNG).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.